

IES CARLOS CASARES VIGO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2022/2023

FRANCÉS 2ª LINGUA ESTRANXEIRA

para os cursos 2º ESO, 4º ESO e 2º BACHARELATO

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
2.- COMPETENCIAS BÁSICAS E CONTRIBUCIÓN DESTA MATERIA AO LOGRO DESAS COMPETENCIAS.....	4
3.- MÉTODOS EMPREGADOS.....	6
4.- METODOLOXÍA.....	6
5.- PROGRAMACIÓN DA ESO. OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA	6
6.- 2º ESO. CONTIDOS POR BLOQUES	7
7.- 2º ESO. TEMPORALIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS CONTIDOS.....	11
8.- 2º ESO: ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE.....	18
9.- 2º ESO CRITERIOS DE AVALIACIÓN APLICABLES AOS DE VANDITOS ESTÁNDARES.....	20
10.- 4º ESO: CONTIDOS POR BLOQUES.....	22
11.- 4º ESO: TEMPORALIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS CONTIDOS.....	26
12.- 4º ESO: ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE.....	31
13.- 4º ESO: CRITERIOS DE AVALIACIÓN APLICABLES AOS ESTÁNDARES.....	34
14.- A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	36
15.- OS TEMAS TRANSVERSAIS NA ESO.....	36
16.- 2º BACHARELATO. OBXECTIVOS XERAIS.....	38
17.- 2º BACHARELATO. CONTIDOS POR BLOQUES.....	39
18.- 2º BACHARELATO. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.....	43
19.- 2º BACHARELATO. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	46
20.- 2º BACHARELATO. TEMPORALIDADE E DESENVOLVEMENTO DOS CONTIDOS.....	48
21.- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	51
22.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	52
23.- PROBAS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DOS ALUMNOS COA MATERIA PENDENTE.....	52
24.- AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DA PRÁCTICA DOCENTE.....	52
25.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS.....	52
26.- PLAN LECTOR.....	53
27.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	53
28.- CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO.....	54

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

As linguas son un instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. As linguas achéganse ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

O Consello de Europa está comprometido cunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e o intercambio de ideas.

A educación plurilingüe ten como finalidade retirar barreiras entre as linguas e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que o alumno vai adquirindo ao longo da súa experiencia dentro e fóra do ámbito educativo.

O coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua. As estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas. O coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua. O coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

O alumno debe ser consciente da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social e para o éxito escolar.

A materia de lingua (calquera que sexa) ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Daquela, o ensino desta materia achega as ferramentas e os coñecementos necesarios para se desenvolver eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A materia de Segunda Lingua Estranxeira está organizada en cinco bloques que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER (Marco Común Europeo de Referencia para as linguas), supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción). Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas. Todos estes elementos do quinto bloque relaciónanse entre si e interactúan na realización das actividades lingüísticas comunicativas de comprensión, produción e interacción. Isto supón que, para cada tarefa comunicativa descrita nos estándares, cumprirá incorporarse o conxunto dos contidos recollidos no quinto bloque para a realización do bloque de actividade lingüística que corresponda. Da mesma maneira, para avaliar o grao de adquisición de cada estándar de aprendizaxe dunha determinada actividade de lingua, deberán aplicarse todos os criterios de avaliación recollidos e descritos para a actividade correspondente, así como aqueles do quinto bloque que correspondan.

A finalidade da materia de Francés 2ª Lingua Estranxeira responde ao obxectivo fundamental de desenvolver competencias de base dos alumnos en materia de comunicación lingüística:

- Comprensión e expresión (oral e escrita) tendo sempre en conta o programa de cada curso e seguindo as recomendacións do Consello de Europa no seu documento **Marco Común Europeo de Referencia para as linguas**.

CONTEXTO DO CENTRO: Instituto de Ensino Secundario Carlos Casares de Vigo, situado na periferia da cidade, con alumnado de perfil periférico/rural.

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS E DISTRIBUCIÓN DOS GRUPOS.

O Departamento de Francés neste curso 2022-2023 está integrado por Sara Mencía Castro, con destino definitivo no centro e xefa do departamento, con 19 horas de docencia. Participarán tamén no ensino desta materia a profesora de Lingua Galega, Sara Rodríguez, para dar 6 horas de Francés en 2º da ESO, e o profesor de Música, Mariano Gómez, para impartir 2 horas de Francés en 1º da ESO.

CARGA HORARIA DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS:

1º ESO A: Sara Mencía (2 horas)

1º ESO B: Mariano Gómez (2 horas)

1º ESO C: Sara Mencía (2 horas)

2º ESO A: Sara Rodríguez (2 horas)

2º ESO B: Sara Mencía (2 horas)

2º ESO C: Sara Rodríguez (2 horas)

2º ESO D: Sara Rodríguez (2 horas)

3º ESO C : Sara Mencía (3 horas)

4º ESO A, B : Sara Mencía (3 horas)

1º Bacharelato A, C: Sara Mencía (4 horas)

2º Bacharelato A, B, C: Sara Mencía (3 horas)

Total de horas de francés: 27 horas semanais. Total de grupos: 11.

2.- COMPETENCIAS BÁSICAS E CONTRIBUCIÓN DA MATERIA FRANCÉS 2ª LÍNGUA ESTRANXEIRA AO LOGRO DESAS COMPETENCIAS.

A reforma educativa, seguindo as recomendacións do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006 da UNESCO e da OCDE, baséase na potenciación da aprendizaxe por **competencias** como complemento á aprendizaxe por contidos. A **competencia** é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar **coñecementos, habilidades e actitudes** para resolver problemas e situacións.

A contribución desta materia ao logro das competencias é a que segue:

1- Competencia en comunicación lingüística (CCL): o estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia de forma directa, xa que se refire á utilización da lingua como instrumento de comunicación oral e escrita. Os alumnos teñen que utilizar a lingua estranxeira como vehículo de comunicación na clase para representar, interpretar e comprender a realidade; para construír e comunicar o coñecemento; para organizar e auto-regular o pensamento.

2- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT): habilidade para utilizar e relacionar os números, as operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático, tanto para producir e interpretar distintos tipos de información, como para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e do mundo laboral. Tamén reflicte a habilidade para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana, de tal modo que se posibilita a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e á preservación das condicións de vida propia, das demais persoas e do resto dos seres vivos. En definitiva, incorpora habilidades para desenvolverse adecuadamente, con autonomía e iniciativa persoal en ámbitos da vida e do coñecemento moi diversos (saúde, actividade produtiva, consumo, ciencia, procesos tecnolóxicos...) e para interpretar o mundo, o que esixe a aplicación dos conceptos e principios básicos que permiten a análise dos fenómenos desde os diferentes campos de coñecemento científico involucrados.

3- Competencia dixital (CD): dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso à información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

4- Competencias sociais e cívicas (CSC): comprender a realidade social en que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír na súa mellora. Nesta competencia intégranse coñecementos diversos e habilidades complexas que permiten participar, tomar decisións, escoller a forma de comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das escollas e decisións. Na aplicación concreta, propóranse textos e realizaranse actividades que fomenten o bo comportamento e o respecto cara aos demais, así como as boas maneiras de actuar. As normas de cortesía ao realizar exposicións estarán sempre presentes en todas as actividades.

5- Competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC): coñecer, comprender, apreciar e valorar de maneira crítica, manifestacións artísticas e culturais, utilízalas como fonte de enriquecemento e gozo e consideralas como parte do patrimonio dun pobo. Malia as limitacións, pódense facer producións lingüísticas con compoñentes culturais. Pódese traballar a civilización francesa expresándose a través de cancións, representacións, textos...

6- Competencia para aprender a aprender (CAA): dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar a aprender de maneira cada vez máis eficaz e autónoma de acordo cos propios obxectivos e necesidades. É moi importante incluír contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe para que cada alumno identifique como aprende mellor e que estratexias os fan máis eficaces.

7- Competencia do sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): por unha parte, concienciarse e aplicar un conxunto de valores e actitudes persoais ligadas entre si (responsabilidade, perseveranza, coñecemento de si mesmo, autoestima, creatividade...); por outra parte, ter a capacidade de escoller con criterio propio, de imaxinar proxectos e de levar adiante as accións necesarias para desenvolver opcións e planos persoais.

Todas estas competencias poñen en xogo diversas estratexias e utilízanse diferentes destrezas lingüísticas e discursivas de forma contextualizada. Polo tanto, as actividades nas que se usa a lingua estranxeira están enmarcadas en ámbitos que poden ser de tipo público (todo o relacionado coa interacción social cotiá), persoal (relacións familiares e prácticas sociais individuais), laboral ou educativo. O alumnado utilizará estratexias de comunicación de forma natural e sistemática co fin de facer eficaces os actos de comunicación realizados a través das destrezas comunicativas. As destrezas que se desenvolverán serán: produtivas (*falar, conversar e escribir*), receptivas (*escoitar e ler*) e baseadas na interacción ou mediación.

A aprendizaxe da lingua francesa proporcionará ao alumno non só unhas competencias para poder comunicar senón que tamén lle proporcionará uns coñecementos culturais e sociais da cultura cuxa lingua está a estudar, que o axudarán a conformar unha personalidade aberta e tolerante cara ao diferente. Desta maneira conseguirase a formación integral do individuo.

3.- MÉTODOS EMPREGADOS.

Neste curso 2022-2023, o método empregado en 2º e 4º da ESO é *En Spirale* da editorial Oxford, que se adapta ás directrices da LOMCE. O manual de 2º de Bacharelato é *Mot de Passe 2 (A2-B1)* da editorial Oxford.

2º de E.S.O.: *En Spirale 2. Editorial Oxford.* Libro e caderno de exercicios.

4º de E.S.O.: *En Spirale 4. Editorial Oxford.* Libro e caderno de exercicios.

2º DE BACHARELATO: *Mot de Passe 2 (A2-B1). Editorial Oxford.* Libro do alumno e caderno de exercicios.

4.- METODOLOXÍA:

As **liñas metodolóxicas xerais** que se seguirán son as seguintes:

- a) Enfoque comunicativo. Estratexias de acceso á comprensión oral e escrita.
- b) Integración das diversas competencias (a comprensión e a expresión tanto orais como escritas, e o paso dunha á outra) para a adquisición dunha competencia comunicativa completa.
- c) Aprendizaxe activa cun enfoque por tarefas.
- d) Integración das competencias de base.
- e) Reflexión sobre a lingua: comparativa coas linguas maternas dos alumnos e con outras linguas estranxeiras estudadas.
- f) Avaliación da aprendizaxe.
- g) Tratamento da diversidade.
- h) Incorporación das novas tecnoloxías da información e da comunicación

5.- PROGRAMACIÓN DA E.S.O.: FRANCÉS 2ª LINGUA ESTRANXEIRA.

OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA: MARCO LEGAL DE REFERENCIA.

Segundo as directrices para a materia de Francés 2ª Lingua Estranxeira do Real Decreto 1631/ 2006, do 29 de decembro, que establece as ensinanzas mínimas correspondentes á Ensinanza Secundaria Obrigatoria, os **obxectivos** de aprendizaxe concréntanse nestes termos:

1. escoitar e comprender as informacións xerais e específicas dos textos orais, nunhas situacións de comunicación variadas, adoptando unha actitude de respecto e de cooperación.
2. Expresarse oralmente con interacción nunhas situacións de comunicación de maneira comprensible, apropiada e cun certo nivel de autonomía.

3. Ler e comprender textos diversos dun nivel adaptado ás capacidades e aos intereses dos alumnos, co fin de extraer a información xeral e específica e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.
4. Escribir textos sinxelos sobre diferentes temas utilizando os recursos adecuados para asegurar a súa cohesión e a súa coherencia.
5. Utilizar correctamente as compoñentes fonéticas, lexicais, estruturais e funcionais básicas nuns contextos reais de comunicación.
6. Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionar sobre os procesos de aprendizaxe en si mesmos, transferir á lingua estranxeira os coñecementos e as estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.
7. Utilizar estratexias de aprendizaxe e todos os medios ao seu alcance, tecnoloxías da información da comunicación incluídas, para obter, seleccionar e presentar unhas informacións oralmente e por escrito.
8. Apreciar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de diversos contidos.
9. Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral como medio de comunicación e de comprensión entre as persoas de países, de linguas e de culturas diferentes, evitando todo tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.
10. Mostrar unha actitude receptiva e de confianza para consigo na capacidade de aprendizaxe e de utilización da lingua estranxeira.

6.- CONTIDOS POR BLOQUES PARA 2º DA ESO.

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS.

1.- Uso de estratexias de comprensión de mensaxes orais:

- Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. .
- Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.
- Identificación de palabras clave.
- Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).
- Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.
- Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua francesa.

2.- Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.

3.- Perseveranza no logro da comprensión oral, volvendo a escoitar o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.

4.- Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre a idade, a orixe...).

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS.

1.- Estratexias de produción

- PLANIFICACIÓN:

- Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.
- Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.
- EXECUCIÓN:
- Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou as ideas principais e a súa estrutura básica.
- Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de información, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.
- Expresión da mensaxe con claridade, coherencia básica e estrutura adecuada, e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.
- Readaptación da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles .
- Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos:

a) Lingüísticos:

- Modificación de palabras de significado parecido.
- Definición ou paráfrase dun termo ou expresión.
- Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta.
- Petición de axuda.

b) Paralingüísticos:

- Sinalar obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.
- Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas e contacto visual ou corporal).
- Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.

2.- Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.

3.- Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación (chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, etc.), igualmente cotiás e moi básicas.

BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.

1.- Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.
- Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).
- Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).
- Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.

– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.

– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

2.- Soletreo e asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.

1. Estratexias de produción:

a) Planificación:

– Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).

– Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).

– Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.

b) Execución:

– Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.

– Estruturación do contido do texto.

– Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.

– Expresión da mensaxe con claridade, axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.

– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.

– Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "paréceme ben", etc.).

c) Revisión:

- Identificación de problemas, erros e repeticións.

- Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.

- Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).

- Reescritura definitiva.

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE.

1.- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.

– Sons e fonemas vocálicos.

– Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.

– Procesos fonolóxicos máis básicos.

– Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.

2.- Patróns gráficos e convencións ortográficas.

– Uso das normas básicas de ortografía da palabra.

– Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.

3.- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

- Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.

- Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.

- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.

– Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

4.- Plurilingüismo:

– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.

– Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

5.- Funcións comunicativas:

– Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.

– Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.

– Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.

– Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.

– Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.

– Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.

– Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.

7.- 2º DA ESO. TEMPORALIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS CONTIDOS POR BLOQUES.

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS.

1º trimestre: Unidades 1 e 2.

Escoitas con soporte de texto escrito para ler simultaneamente excepto os ditados.

Os tipos de textos orais son: bandas deseñadas, diálogos, textos descritivos, oracións independentes, conversas telefónicas, textos informativos, ditados.

- Completar un texto coas palabras que faltan.
- Reconstrución de oracións.
- Toma de notas para responder a preguntas.
- Optar por verdadeiro ou falso. Corrixir a información falsa.
- Relacionar as dúas partes dunha oración que están en desorde.
- Asociar o texto oral con imaxes.
- Ditados.

Todas as escoitas estarán relacionadas cos temas seguintes:

- A vivenda: situación, partes e contido.
- O cuarto: elementos que o compoñen e orde e situación dos mesmos.
- As tarefas domésticas.
- A moda: as pezas de roupa e os complementos, as formas e as cores.
- Opinión sobre as pezas de roupa e a moda en xeral.
- Os grandes almacéns e os centros comerciais.

2º trimestre: Unidades 3 e 4.

Escoitas con soporte de texto escrito para ler simultaneamente excepto os ditados.

Os tipos de textos orais son: bandas deseñadas, diálogos, textos descritivos, oracións independentes, conversas telefónicas, textos informativos, ditados.

As tarefas realizadas a partir dos diferentes textos son as seguintes:

- Completar un texto coas palabras que faltan.
- Reconstrución de oracións.
- Toma de notas para responder a preguntas.
- Optar por verdadeiro ou falso. Corrixir a información falsa.
- Relacionar as dúas partes dunha oración que están en desorde.
- Asociar o texto oral con imaxes.

- Relacionar actividades propostas con escusas de rexeitamento.
- Facer horarios.
- Clasificación de deportes en individuais e colectivos.
- Ditados.

Todas as escoitas estarán relacionadas cos temas seguintes:

- Actividades extraescolares: días e horarios.
- Invitacións e suxestións; aceptación e rexeitamento das mesmas.
- Deportes: características.
- Alimentos e bebidas: comidas do día, partes dun menú, revisión dos utensilios para pór a mesa.
- Receitas de cociña.

3º trimestre: unidades 5 e 6.

Escoitas con soporte de texto escrito para ler simultaneamente excepto os ditados.

Os tipos de textos orais son: bandas deseñadas, diálogos, textos descritivos, oracións independentes, conversas telefónicas, textos informativos, ditados.

As tarefas realizadas a partir dos diferentes textos son as seguintes:

- Ordenar as oracións que conforman un resumo.
- escoitar e repetir.
- Completar un texto coas palabras que faltan.
- Reconstrución de oracións asociando dúas partes.
- Toma de notas para responder a preguntas.
- Detectar erros nas imaxes e corrixilos.
- Optar por verdadeiro ou falso. Corrixir a información falsa.
- Asociar o texto oral con imaxes.
- Contar en estilo indirecto o que fan os protagonistas do texto.
- Ditados.

Todas as escoitas estarán relacionadas cos temas seguintes:

- Diferentes museos e parques temáticos.
- Actividades nun campamento de verán.
- A ciencia.
- As vacacións: lugares, proxectos, actividades, medios de transporte.
- Estancia lingüística no estranxeiro.

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS.

1º trimestre: Unidades 1 e 2.

Dialogar cun compañeiro de clase sobre o lugar onde vive, o tipo de vivenda e a súa distribución.

Dialogar cun compañeiro de clase sobre o lugar onde arranxa na casa ou no cuarto cada unha das súas pertenzas.

En grupos, o alumno pregunta aos compañeiros sobre as tarefas domésticas que realizan. Despois, expón a información recollida ao resto da clase.

En grupos de catro, os alumnos discuten sobre as 10 regras máis importantes para compartir cuarto. Cada alumno expresa se está a favor ou en contra, argumentando cunha lista de aspectos positivos e negativos.

O alumno describe a roupa dun compañeiro de clase. Os demais adiviñan quen é.

O alumno dá a súa opinión sobre a roupa dun escaparate.

Cada un dos alumnos representa un personaxe dos que se atopan nos grandes almacéns e fan diálogos.

2º trimestre: Unidades 3 e 4.

Diálogo cun compañeiro de clase sobre as súas actividades extraescolares favoritas indicando os días e as horas nas que se realizan esas actividades.

Facer unha invitación a un compañeiro. Este responde aceptando e marcando o día e a hora da cita. Logo responde rexeitando a invitación e inventando unha escusa.

Diálogo cun compañeiro para preparar un menú.

Diálogo. Un alumno fai preguntas sobre o que se come en cada comida e o outro responde usando o pronome *en*.

Un alumno invita a outro á súa casa. O alumno proponlle actividades e alimentos e bebidas. As respostas faranse usando o pronome *en*.

3º trimestre: Unidades 5 e 6.

O alumno fai preguntas a un compañeiro sobre as actividades que fixo desde esa mañá.

O alumno explica o que lle gustaría facer no museo ciencias representado nunha imaxe, practicando as expresións para o desexo.

En grupos de catro, os alumnos imaxinan unha viaxe e despois a contan ao resto da clase.

Un alumno di un lugar calquera e o outro debe dicir que medio de transporte utiliza para ese desprazamento.

Diálogo entre dous alumnos sobre diferentes lugares a onde foron. Utilízase o pronome *y* para evitar a repetición do lugar.

BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

Todas as escoitas do bloque 1 poden utilizarse para a comprensión de textos escritos. A partir da só lectura destes textos, os alumnos poden desenvolver actividades, tralas cales poden facer a escoita dos mesmos.

A comprensión dos enunciados das diferentes tarefas, forma parte tamén da comprensión escrita.

1º trimestre: Unidades 1 e 2.

Lectura de pequenos textos sobre a vida no futuro con soporte de imaxes para cada texto. A partir desta lectura, o alumno debe dicir de que tipo de texto se trata e responder a varias preguntas a partir dos debuxos.

Despois, escoita os mesmos textos. Trala escoita, anota o vocabulario tecnolóxico novo e fai unha listaxe das innovacións tecnolóxicas das que fala o texto. Finalmente, por parellas, os alumnos escriben as respostas a preguntas sobre a continuación imaxinada da historia.

Lectura de pequenos textos descritivos sobre os mozos e a moda. A partir desta lectura o alumno debe explicar con que mozo ou moza está de acordo e por que, e cal é a súa opinión sobre a moda. A continuación, escribe unha listaxe de nomes, adxectivos e verbos do texto relacionados coa roupa. Como no texto se citan diferentes persoas famosas, o alumno debe dicir se el tamén ten un ídolo e se lle gustaría parecerse a el. Finalmente, o alumno debe dicir a que grupo pertence cada un dos mozos que falan, que grupo non está representado e cal é o seu estilo favorito.

2º trimestre: Unidades 3 e 4.

Lectura de textos informativos sobre as redes sociais. Antes de ler os textos, o alumno debe responder a varias preguntas sobre o tema. Trala lectura, o alumno di que informacións son novas para el. Finalmente, o alumno di aos compañeiros con cal das afirmacións do exercicio está de acordo.

Lectura dunha banda deseñada sobre unha cita con alguén que se coñeceu por Internet. Trala lectura e escoita da banda deseñada, o alumno debe pórse no lugar da protagonista e xustificar se el iría a esa cita ou non.

Lectura dun texto descritivo sobre a pastelería en Francia con soporte dun mapa onde se representan por rexións os principais doces do país. Despois, o alumno debe dicir se coñece algún destes doces e cales prefire. Tamén debe citar doces típicos do seu propio país.

Lectura dun pequeno texto informativo sobre o día da *Chandeleur*. Trala lectura, responde a preguntas sobre o texto.

Lectura dunha receita das *crêpes bretonnes*, cos ingredientes, utensilios de cociña utilizados e preparación con soporte en debuxos sobre esta última. O alumno debe ordenar estes debuxos por orde de preparación. Finalmente, o alumno expresará os seus gustos sobre as súas *crêpes* favoritas.

3º trimestre: Unidades 5 e 6.

Lectura sobre a visita ao museo de ciencias *Cap Sciences* de Burdeos. O alumno descubre os diferentes temas que trata este museo. O alumno responde a preguntas sobre o texto e asocia os temas seleccionados coas actividades que propón o texto. Finalmente, o alumno xustifica cal é a súa actividade preferida.

Responder a un test onde se fan preguntas sobre varios tipos de museos e lugares educativos e debe relacionar cada pregunta do test coas fotografías que o acompañan.

En parellas, os alumnos inventan preguntas sobre os diferentes tipos de museos e dan unha resposta correcta e outra incorrecta para que os compañeiros adiviñen a solución.

Lectura e escoita dun texto informativo sobre a rexión de Aquitania co soporte dun mapa debuxado da comarca coas zonas máis interesantes para visitar. O alumno responde a preguntas sobre o texto; clasifica as diferentes actividades; di cales son as súas actividades preferidas e por que.

BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.

1º trimestre: Unidades 1 e 2.

Escribir unha listaxe das dez regras que se deben seguir para compartir un cuarto.

Redactar un texto descritivo sobre a vivenda do alumno: lugar, distribución e elementos que contén.

Redactar un texto descritivo do seu cuarto: características, elementos que contén e a súa situación.

Redactar un texto descritivo sobre as tarefas domésticas que o alumno fai na casa, detallando os días e as horas.

Redactar un texto narrativo sobre a vida no futuro.

Escribir un diálogo entre un vendedor e un cliente nun centro comercial.

Redactar un texto expresando a súa opinión sobre a moda e a súa roupa favorita.

2º trimestre: Unidades 3 e 4.

Escribir un diálogo entre dous amigos, onde un deles fai unha suxestión ou unha invitación ao outro. O interlocutor acepta ou rexeita esa invitación ou suxestión dando unha escusa.

Redactar un texto descritivo sobre un deporte onde se detalle o que é necesario para practicalo.

Redactar un texto describindo as vantaxes e desvantaxes das redes sociais.

Redactar un texto onde se describan os hábitos alimentarios do alumno: comidas que fai, alimentos e bebidas que adoita tomar, horarios.

Redactar unha receita de cociña: ingredientes, utensilios e preparación.

En grupos, os alumnos organizan unha merenda e redactan o menú para presentalo ao resto da clase.

3º trimestre: Unidades 5 e 6.

Redacción dunha visita a un museo que xa fixera o alumno. Detallar cando, onde, por que, con quen, o que viu ou as actividades que fixo.

Redacción dunha viaxe que xa fixo dando todos os detalles: onde, cando, con quen, medio de transporte, actividades desenvolvidas.

En grupos, os alumnos preparan unha viaxe imaxinaria de catro días a Aquitania para mellorar a súa práctica do francés.

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE.

1º trimestre: Unidades 1 e 2.

Fonética:

Separación das palabras en sílabas.

A sílaba tónica.

Diferenza dos sons procedentes das grafías seguintes: ja, je, ji, jo, ju, ge, gi ; /s/; cha, che, chi, cho, chu.

A *liaison* cos determinantes demostrativos.

Diferenza /b/ e /v/.

Aspectos gramaticais:

- Os pronomes COD: *le, la, l', les* con verbos en presente e en imperativo afirmativo.

- A forma negativa: *ne/n' pas, ne/n' rien, ne/n' jamais ou ne/n' plus.*

- Presente de indicativo dos verbos en *-ger e en -cer. e dos verbos faire, sortir, mettre.*

- Os determinantes demostrativos: *ce, cet, cette, ces*.
- A concordancia dos adxectivos de cor.
- Os pronomes persoais COI: *me, te, lui, nous, vous, leur*.
- A comparación: *plus adjectif que; moins adjectif que; aussi adjectif que*.
- A palabra interrogativa *pourquoi* e a resposta con *parce que*
- Presente dos verbos *acheter, donner, pouvoir, essayer*.

Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

- A casa, o apartamento en Francia.
- A vida no futuro.
- Os mozos franceses e a moda.

2º trimestre: Unidades 3 e 4.

Fonética:

As palabras rematadas en *-tion*.

A *liaison* entre os números cardinais e os substantivos.

O son das grafías ja, je, ji, jo, ju, ge, gi.

A entoación interrogativa e exclamativa.

Aspectos gramaticais:

- As preposicións: *au, à la, à l', chez*.
- *Faire du/de la/de l' + actividade*.
- *Jouer du/de la + instrumento*.
- A obriga: *il faut + infinitif*.
- O presente dos verbos *vouloir, devoir, aller, préférer, faire, jouer*.
- Os artigos partitivos cos alimentos: *du, de la, de l', des*.
- O pronome *en*.
- Os adverbios *oui, non, si*.
- Presente dos verbos *boire, manger, prendre, vouloir*.
- O imperativo afirmativo e negativo.

Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

- As actividades extraescolares e os horarios en Francia.
- As redes sociais.
- As partes dun menu

- As comidas do día e os horarios en Francia.
- A repostería francesa.
- A receita das *crêpes* bretonas.
- A festa da *Chandeleur*.

3º trimestre: Unidades 5 e 6.

Fonética:

A pronuncia das grafías –oi e –oy: /wa/

A *liaison* entre o auxiliar e o participio no *passé composé*.

Pronuncia das consoantes: v, ch, r.

Pronuncia das vogais: *u*, *e* mudo e *e* aberto.

A *liaison* dos pronomes suxeito co pronome *y*.

Aspectos gramaticais:

- O *passé composé* cos auxiliares *avoir* e *être*.
- Formación dos participios.
- Expresións temporais do pasado.
- A negación do *passé composé*.
- As palabras interrogativas: *Qui ? Quoi ? Où ? Quand ?*
- A cantidade con *peu/beaucoup*, *peu de/beaucoup de*.
- As expresións e os adverbios de tempo.
- O presente do verbo *savoir*.
- As preposicións diante dos medios de transporte.
- O pronome *y*.
- O presente dos verbos *prendre*, *choisir*, *vivre* e *partager*.

Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

- O museo Cap Sciences de Burdeos
- As estancias lingüísticas no estranxeiro.
- As vacacións no suroeste de Francia.

8.- 2º DE ESO: ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE.

Bloque 1: Comprensión de textos orais.

1.- Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.

CCL, CAA, CCEC, CD.

2.- Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula.

CCL, CAA, CCEC, CD.

3.- Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.

CCL, CAA, CCEC, CD.

4.- Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais.

CCL, CAA, CCEC, CD.

Bloque 2: Produción de textos orais.

1.- Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.

CSIEE, CCL, CAA, CCEC, CD.

2.- Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.

CCL, CAA, CCEC, CD.

3.- Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.

CCL, CAA, CCEC, CD.

4.- Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar.

CCL, CAA, CCEC, CD.

5.- Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.

CCL, CAA, CCEC, CD.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos.

1.- Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.

CCL, CD, CAA, CSIEE.

2.- Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.

CCL, CAA, CCEC.

3.- Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.

CCL, CAA, CCEC.

4.- Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia.

CCL, CAA, CCEC, CD.

Bloque 4: Producción de textos escritos.

1.- Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.

CCL, CD, CAA, CSIEE.

2.- Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións.

CCL, CAA, CCEC, CD.

3.- Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas.

CCL, CAA, CCEC, CD.

4.- Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituindo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.

CCL, CAA, CCEC, CD.

Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe.

1.- Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

CCL, CAA, CCEC, CD.

2.- Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.

CCL, CD, CAA, CCEC.

3.- Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.

CCL, CD, CAA, CCEC.

4.- Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

CCL, CD, CAA, CCEC.

5.- Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.

CCL, CAA, CCEC.

9.- 2º DE ESO. CRITERIOS DE AVALIACIÓN APLICABLES AOS DEVANDITOS ESTÁNDARES.

Bloque 1: Comprensión de textos orais.

1.- Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal e pública moi básica (identificación persoal, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento e actividades na aula.

2.- Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.

3.- Comprender o sentido global e as informacións específicas máis salientables de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, onde e cando ocorre algo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas que posúen algo, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico, etc.) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.

4.- Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal e público moi elemental, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.

Bloque 2: Produción de textos orais.

1.- Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.

2.- Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.

3.- Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas e cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.

4.- Dar e obter información sobre datos básicos persoais e bens e servizos moi elementais, utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos.

1.- Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, aos títulos e a outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.

2.- Seguir instrucións e consignas básicas, e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles e traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual.

3.- Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a coñecementos e experiencias propias da súa idade.

4.- Comprende textos propios de situacións cotiás próximas onde se dan a coñecer bens se servizos ou acontecementos (anuncios publicitarios elementais, folletos, catálogos, invitacións, etc.), e con apoio visual cando teña certa dificultade.

Bloque 4: Producción de textos escritos.

1.- Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.

2.- Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.

3.- Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.

4.- Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.

Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe.

1.- Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.

2.- Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.

3.- Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.

4.- Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.

5.- Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

6.- Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente.

10.- 4º ESO. CONTIDOS POR BLOQUES.

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS.

1.- Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais).
- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.).
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.).
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

2.- Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.

3.- Perseveranza no logro da comprensión oral, volvendo a escoitar o texto gravado ou solicitando repetición do dito.

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS.

1.- Estratexias de produción:

a) Planificación:

- Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.
- Adecuar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.

b) Execución:

- Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.
- Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.
- Expresar a mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados en clase previamente.

– Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.

– Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.

a) Lingüísticos:

– Modificar palabras de significado parecido.

– Definir ou parafrasear un termo ou expresión.

– Usar a lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta.

– Pedir axuda.

b) Paralingüísticos:

– Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado.

– Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).

– Usar elementos cuasiléxicos (hum, puah...) de valor comunicativo.

2.- Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.

3.- Rutinas ou modelos básicos de interacción segundo o tipo de situación de comunicación.

BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.

1.- Estratexias de comprensión:

– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.

– Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).

– Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).

– Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.

– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e experiencias noutras linguas.

– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

2.- Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.

1.- Estratexias de produción:

a) Planificación:

– Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).

– Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).

– Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.

b) Execución:

- Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.

- Estruturación do contido do texto.

- Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.

- Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.

- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.

- Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.).

c) Revisión:

- Identificación de problemas, erros e repeticións.

- Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.

- Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.)

- Reescritura definitiva.

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE.

1.- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:

– Sons e fonemas vocálicos.

– Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.

– Procesos fonolóxicos máis básicos.

– Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.

2.- Patróns gráficos e convencións ortográficas:

– Uso das normas básicas de ortografía da palabra.

– Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.

3.- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

– Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.

– Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a

costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.

– Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.

– Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

4. Plurilingüismo:

– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.

– Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

5.- Funcións comunicativas:

– Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.

– Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.

– Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.

– Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.

– Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.

– Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.

– Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.

– Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.

6.- Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:

– Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.

– Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.

7.- Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.

11.- 4º DE ESO. TEMPORALIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS CONTIDOS POR BLOQUES.

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS.

1º trimestre: Unidades 1 e 2.

Os tipos de textos orais son: bandas deseñadas, diálogos, textos narrativo-descriptivos, oracións independentes, conversas telefónicas, textos informativos, ditados, tests, artigos.

As tarefas realizadas a partir dos diferentes textos son as seguintes:

- Antes de escoitar o texto, responder a preguntas a partir dunha imaxe para imaxinar o que acontece ou para describir a imaxe. Tras esta tarefa, escoitar o texto e comparar as respostas.
- Completar un texto coas palabras que faltan.
- Completar oracións trala escoita.
- Clasificar oracións por orde cronolóxica tras unha escoita.
- Reconstrución de oracións.
- Toma de notas para responder a preguntas.
- Completar un cadro de clasificación.
- Optar por verdadeiro ou falso. Corrixir a información falsa.
- Relacionar as dúas partes dunha oración que están en desorde.
- Asociar o texto oral con imaxes.
- Escoitar e repetir.
- Ditados.
- Dicar a orde na que aparecen as informacións.
- Resumos.

Todas as escoitas estarán relacionadas cos temas seguintes:

- O estado físico e o estado de ánimo.
- A saúde: a alimentación e o deporte.
- Os valores do deporte.
- A expresión dos sentimentos.
- Francia no patrimonio mundial da UNESCO.
- A comunicación na televisión.
- As rúbricas dun telexornal.
- Pedir e dar consellos.
- O teléfono móbil.

2º trimestre: Unidades 3 e 4.

Os tipos de textos orais e as tarefas para realizar son as mesmas que no 1º trimestre.

Todas as escoitas estarán relacionadas neste 2º trimestre cos temas seguintes:

- Descrición da personalidade: virtudes e defectos.
- Relacións dos adolescentes cos seus pais.
- Actividades de voluntariado.
- Talleres para realizar durante as vacacións.
- Expresar desexos.

3º trimestre: Unidades 5 e 6.

Os tipos de textos orais e as tarefas para realizar son as mesmas que no 1º e 2º trimestres.

Todas as escoitas estarán relacionadas neste 3º trimestre cos temas seguintes:

- Actividades de lecer.
- Os xéneros literarios.
- As disciplinas artísticas.
- Dar a súa opinión sobre temas sociais.
- As reclamacións da mocidade.

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS.

1º trimestre: Unidades 1 e 2.

Dar exemplos do que é bo ou malo para a saúde.

Diálogo cun compañeiro. Un anuncia unha noticia, o outro reacciona cunha oración ou frase exclamativa.

Diálogo. En grupo, un alumno di que se aburre despois das clases, que quere facer algunha actividade deportiva. Os demais alumnos fanlle preguntas sobre a situación e despois propóñenlle diferentes actividades explicándolle por que.

A partir de imaxes e de preguntas orais, o alumno responde expresando a causa.

En grupos, dar a opinión sobre o telexornal.

Dar a opinión sobre a televisión.

2º trimestre: Unidades 3 e 4.

Facer hipóteses.

Dar consellos a un problema ou un desexo formulado por un compañeiro.

Falar das relacións cos pais. Aspectos positivos e negativos.

Dialogar cun compañeiro sobre diferentes situacións para utilizar expresións de finalidade.

En grupo, falar sobre un traballo de voluntariado, xustificando a escolla.

3º trimestre: Unidades 5 e 6.

En grupo, falar sobre cine: cando, con quen, onde, películas favoritas, actores e actrices favoritos, a última película que viu...

En grupo, escoller unha disciplina artística para o espectáculo de fin de curso. Organizar a actuación.

En grupo, expresar as opinións sobre o consumo, os estudos, a saúde e o medio ambiente en relación a decisións tomadas polos políticos do país. Nomear un voceiro que presente ao resto da clase en estilo indirecto as opinións do grupo.

BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.

1º trimestre: Unidades 1 e 2.

Lectura de pequenos testemuños sobre os seus hábitos de vida. O alumno di se son bos ou malos para a saúde.

Lectura dos valores no deporte. A partir dunha imaxe, o alumno fai falar os personaxes.

2º trimestre: Unidades 3 e 4.

Lectura de varias descrições de diferentes persoas. Clasificar os adxectivos segundo sexan virtudes ou defectos.

Facer un test sobre a relación cos pais.

Lectura dun anuncio para mozos voluntarios para diferentes proxectos. A partir das fotografías, describir o tipo de traballo que hai que realizar.

Lectura dunha banda deseñada sobre un monitor nun campamento de rapaces. Trala lectura, dar a opinión e propor actividades para ese tipo de traballo.

3º trimestre: Unidades 5 e 6.

Lectura de textos onde adolescentes falan das súas actividades de lecer. Trala lectura, redactar preguntas para facerlles aos compañeiros sobre os textos con todos os adverbios interrogativos posibles.

Lectura de pequenos textos descritivos dos xéneros cinematográficos. O alumno debe dicir a que xénero se refire cada texto.

BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.

1º trimestre: Unidades 1 e 2.

Facer unha listaxe de consellos para ter boa saúde.

Redactar un texto sobre as actividades propias para estar en forma.

Redactar oracións sobre os beneficios do deporte.

Facer unha listaxe dos sentimentos.

Construír oracións a partir dunha listaxe de substantivos e outra de adxectivos concordados.

Imaxinar o final dunha oración expresando a finalidade.

2º trimestre: Unidades 3 e 4.

Redactar un texto descritivo sobre un amigo indicando as súas virtudes e os seus defectos. Falar tamén do que os fai diferentes.

Facer unha listaxe dos adxectivos para describir a personalidade.

Facer unha listaxe das virtudes e defectos.

Redactar un pequeno texto para un blog sobre unha actividade de voluntariado.

Escribir as cinco vantaxes principais de realizar un traballo de voluntariado.

Facer un resumo dunha banda deseñada.

3º trimestre: Unidades 4, 5, 6.

Redactar un texto sobre o que lle gustaría cambiar ao alumno no instituto, na cidade, na súa vida ou no mundo.

Redactar un texto sobre as actividades de tempo libre que realiza detallando os horarios.

Facer unha listaxe das actividades de lecer.

Facer unha listaxe dos xéneros cinematográficos.

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE.

1º trimestre: Unidades 1 e 2.

Fonética

Revisión xeral.

Aspectos gramaticais

- Os pronomes demostrativos.
- Os adxectivos e os pronomes indefinidos.
- A frase exclamativa con *quel(s)* e *quelle(s)*.
- A causa.
- A finalidade.
- As hipóteses no presente e no futuro.

Aspectos socioculturais e sociolingüísticos

Os temas que se tratarán son os seguintes:

- Francia. Patrimonio mundial da Unesco: A gruta de Lascaux.
- Entrevista coa campiona de wind-surf Faustine Merret.
- Francia no patrimonio mundial da UNESCO.
- As xornadas mundiais sen teléfono móbil.

2º trimestre: Unidades 3 e 4.

Fonética

A partir das lecturas e conversacións dos alumnos, ampliar os coñecementos fonéticos, corrixir os erros e poñer atención nas excepcións ás normas.

Aspectos gramaticais

- A oposición.
- O presente de subxuntivo.
- A concesión.
- A duración.
- Os pronomes interrogativos *lequel, laquelle, lesquels, lesquelles*.
- Expressar o desexo con expresións construídas co infinitivo ou co subxuntivo.

Aspectos socioculturais e sociolingüísticos

- Os tests de personalidade.
- Francia. Patrimonio mundial da Unesco: *Le canal du Midi*.
- O proxecto solidario *Bouge ta planète*.
- Francia. Patrimonio mundial da Unesco: *O Mont Saint-Michel*.

3º trimestre: Unidades 5 e 6.

Fonética

A partir das lecturas e conversacións dos alumnos, ampliar os coñecementos fonéticos, corrixir os erros e poñer atención nas excepcións ás normas.

Aspectos gramaticais

- A negación de varios elementos.
- A colocación do adxectivo.
- A concordancia do participio de pasado.
- O discurso indirecto en presente.
- O discurso indirecto en pasado: a concordancia dos tempos verbais.

Aspectos socioculturais e sociolingüísticos

- Lectura dun blog sobre diferentes proxectos de lecer inmediatos.
- Francia. Patrimonio mundial da Unesco: O palacio de Versalles.
- Descuberta de pequenos detalles que provocan felicidade.
- Francia. Patrimonio mundial da Unesco: A cidade fortificada de Carcassonne.

12.- 4º ESO: ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE.

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

1.- Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.

CCL, CAA, CSC, CCEC.

2.- Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.

CCL, CAA, CSC, CCEC, CD.

3.- Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.

CCL, CAA, CSC, CCEC, CD.

4.- Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes), sempre que se fale amodo e con claridade.

CCL, CAA, CSC, CCEC.

5.- Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.

CCL, CAA, CSC, CCEC.

6.- Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiás ou do seu interese familiares e predicibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe.

CCL, CAA, CSC, CCEC, CD.

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS.

1.- Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.

CCL, CAA, CSC, CCEC.

2.- Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou

instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.

CCL, CAA, CSC, CCEC, CD.

3.- Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.

CCL, CAA, CSC, CCEC, CD.

4.- Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita

CCL, CAA, CSC, CCEC, CD.

BLOQUE 3: COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.

1.- Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe.

CCL, CAA, CSC, CCEC, CD.

2.- Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas.

CCL, CAA, CSC, CCEC, CD.

3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

CCL, CAA, CSC, CCEC.

4.- Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas).

CCL, CAA, CSC, CCEC.

5.- Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles.

CCL, CAA, CSC, CCEC, CD.

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.

1.- Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.

CCL, CAA, CSC, CCEC.

2.- Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).

CCL, CAA, CSC, CCEC, CD.

3.- Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.

CCL, CAA, CSC, CCEC, CD.

4.- Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada.

CCL, CAA, CSC, CCEC, CD.

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE.

1.- Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

CCL, CD, CAA, CCEC.

2.- Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.

CCL, CAA, CSC, CCEC, CD.

3.- Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.

CCL, CAA, CSC, CCEC.

4.- Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

CCL, CAA, CSC, CCEC, CD, CSIEE.

5.- Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.

CCL, CAA, CSC, CCEC.

13.- 4º ESO: CRITERIOS DE AVALIACIÓN APLICABLES AOS ESTÁNDARES DE 4º DE ESO.

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS.

1.- Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.

2.- Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.

3.- Comprender o esencial en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais básicos, lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades cotiás, etc.), sempre que se fale con lentitude e con claridade.

4.- Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre descrições, narracións, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes e de necesidade inmediata relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.

5.- Comprender o sentido xeral e información moi relevante e sinxela de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, previamente traballados, e de programas de televisión tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, sempre que as imaxes porten gran parte da mensaxe.

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS.

1.- Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.

2.- Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados, se non se dispón doutros máis precisos.

3. - Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi habituais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.

4.- Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela.

5.- Dar, solicitar e intercambiar información sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal, educativo ou ocupacional, e xustificar brevemente os motivos de determinadas accións e plans, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e a persoa interlocutora teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito.

BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.

1.- Utilizar estratexias de lectura (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.

2.- Seguir instrucións e consignas básicas sinxelas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, e con apoio visual.

3.- Comprender información relevante e previsible en textos descritivos ou narrativos breves, sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar.

4.- Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos e as ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso común.

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.

1.- Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos ben estruturados e traballados previamente.

2.- Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.

3.- Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiáns ou do seu interese.

4.- Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso (adequado ao seu nivel escolar), e amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.

5.- Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou do propio interese, nun rexistro formal ou neutro, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE.

1.- Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, recoñecendo os seus significados evidentes, e pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible con razoable comprensibilidade, malia o acento estranxeiro moi evidente ou erros de pronuncia que non interrompan a comunicación, e que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez.

2.- Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas básicas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común, e os seus significados asociados, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.

3.- Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, incluídas manifestacións artísticas como a música ou o cine), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, nas institucións, etc.), e convencións sociais (costumes e tradicións), respectando as normas de cortesía e máis básicas nos contextos respectivos.

4.- Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.

5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

6.- Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión); utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente.

14.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NA ESO

Débase ter en conta a singularidade de cada alumno, en tanto que como persoa en proceso de formación permanente pode achegarlle ao grupo elementos positivos, factores de enriquecemento e de variedade na clase. Todo isto axúdanos: os alumnos, en tanto que individualidades por separado, progresan a ritmos distintos e teñen formas diferentes de aprendizaxe (ademais das súas vivencias persoais, familiares ou sociais).

O enfoque metodolóxico que imos utilizar ten en conta o anteriormente descrito, e dálle un tratamento globalizado ao traballo por medio de:

- A adaptación de obxectivos, contidos e actividades propostas na programación das unidades.
- As propostas de traballo graduadas e diversificadas para facer que a clase sexa agradable e produtiva para os alumnos.
- O método de traballo propón exercicios repetitivos, cancións, xogos, pequenas redaccións, debuxos, etcétera.
- A planificación de actividades con obxectivos comunicativos e extralingüísticos que fomentan a comunicación para que poidan ser traballados polos alumnos con diferentes niveis.
- As páxinas do *Cahier d'exercices*, danlles a oportunidade de participar e axudarse entre si segundo as capacidades de cada un. Todas estas actividades permítenlles aos alumnos tomar decisións e desenvolver a súa autonomía.
- O fomento da participación e a colaboración entre os alumnos con diferentes capacidades, xa que posibilita o traballo en parellas e, sobre todo, en equipo. Unha actitude positiva de traballo e unha boa participación nas actividades de grupo serán moi importantes no seu rendemento posterior. O profesor axudará a que os alumnos sexan conscientes disto.

15.- TEMAS TRANSVERSAIS

Educación moral e cívica

A presentación xeral de Francia permitiranos coñecer e respectar outras formas de vida. Os seus costumes, a súa organización política ou institucional deberán facer reflexionar ao alumno sobre a diversidade e que aínda sendo países moi próximos a súa idiosincrasia ás veces difire da nosa. É importante resaltar a divisa francesa: “Liberté, Égalité et Fraternité” que tanto influíu nos países occidentais na Idade Moderna e Contemporánea.

Salientaremos a conciencia de que unha boa organización sempre nos axudará a optimizar resultados en calquera ámbito da vida.

A través da lectura achegarémonos á cultura francesa e poderemos comparala coa nosa. Resaltaremos a importancia da lectura para a formación como individuo, así como forma de diversión.

Inculcarémolles aos nosos alumnos que, grazas ás viaxes, poderemos coñecer e compartir outros puntos de vista, desenvolvendo así o valor da tolerancia.

Os nosos alumnos deberán tomar conciencia de que Francia non se limita ao territorio europeo e de que a cultura francesa está presente en todos os continentes.

Educación para a paz e a convivencia

O sentido das palabras “paz” e “convivencia” deben entenderse como o respecto cara aos compañeiros e cara á diversidade de opinións e caracteres que cada un ten, e que se coñecerán cando cada un faga a súa presentación.

Deberemos fomentar sempre o respecto na quenda de palabra, o respecto cara á figura do profesor e cara ao medio.

Resaltarase o gran labor humanitario que realizan as persoas que traballan como voluntarios en diversas organizacións. Así incúlcase aos alumnos o valor da solidariedade e da responsabilidade cara a aqueles que están máis desfavorecidos.

Deberemos resaltar o emprego das fórmulas de cortesía en francés que moitas veces non coinciden cos empregos do español. Os alumnos serán conscientes do emprego das fórmulas de cortesía francesas, sobre todo cando deban chamar de *vostede* a alguén ou cando poidan atuar ao seu interlocutor.

Os nosos alumnos deberán tomar conciencia da importancia do espírito de equipo e do respecto ás normas existentes na clase para o bo funcionamento do traballo en grupo. Falaremos do fenómeno da inmigración, resaltando todos os aspectos positivos que poidan incidir directamente na nosa propia cultura.

Salientaremos que hai que ser respectuoso e tolerante á hora de facer eleccións e proposicións.

Educación medioambiental

Hoxe en día o coidado do medio adquiriu unha importancia moi relevante. Se facemos un pouco de historia sobre a Educación Medioambiental, en 1977 reuniuse a Conferencia Intergubernamental de Educación Ambiental na antiga URSS. Alí foi definida como: *o proceso a través do cal se clarifican os conceptos sobre os fenómenos que suceden na natureza, se facilita a comprensión do impacto das relacións entre o home, a súa cultura, a natureza e sobre todo se fomenta un cambio de valores, actitudes e hábitos que permitan elaborar un código de conduta relacionado coas cuestións do medio ambiente.*

Preténdese que, a través do currículo, se consigan alcanzar obxectivos de concienciación, participación, comportamentos positivos, así como de alcanzar certos coñecementos e desenvolver aptitudes necesarias para comprender e resolver os problemas ambientais.

Na aula *resaltarase* a necesidade do respecto ao medio ambiente mediante a reflexión sobre as situacións que poden ter consecuencias adversas para o mesmo. Tal reflexión constitúe unha chamada de atención aos alumnos sobre estas situacións causadas polo home e prexudiciais para el, e que é necesario corrixir, a fin de espertar neles unha maior conciencia ecolóxica. Procurarase darlles consellos para protexer a natureza, a reciclaxe, ideas para non contaminar, a importancia de aforrar auga, etcétera.

Educación para a igualdade de sexos

Grazas ao estudo do vocabulario das profesións e oficios mostrárolles aos alumnos que tanto un home coma unha muller poden realizar calquera traballo.

Outros temas que poderán ser tratados na aula son: a tolerancia, as relacións interculturais, o respecto polas opinións dos demais, a familia, o consumo, a alimentación, o tempo de lecer, as novas tecnoloxías, o respecto polos animais.

16.- 2º BACHARELATO. OBXECTIVOS XERAIS

1. O Bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará ao alumnado para acceder á educación superior.

2. O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar una madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudio e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa Comunidade Autónoma.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu entorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

Esta materia debe de contribuír a que as alumnas e os alumnos desenvolvan as seguintes capacidades:

- Comprender a información global e aquelas informacións específicas previamente requiridas en textos orais, relativos ás situacións habituais de comunicación ou relacionados cos ámbitos específicos de estudo, procedentes dos medios de comunicación audiovisual apoiándose en claves lingüísticas e non lingüísticas.
- Comprender as informacións de carácter xeral e específico contidas en textos escritos que presenten distintas estruturas organizativas, desenvolvendo estratexias persoais que lles axuden a acceder á información.
- Participar en situacións habituais de comunicación utilizando, de forma oral e escrita, a lingua estranxeira co fin de satisfacer necesidades básicas, atendendo ás normas da comunicación interpersoal e mostrando interese por comprender e facerse comprender.
- Ler de xeito autónomo e extensivo, libros curtos e sinxelos que traten temas próximos ás súas necesidades e intereses.
- Reflexionar sobre o funcionamento da lingua estranxeira na comunicación, como forma de mellorar a participación en intercambios comunicativos e a comprensión dos textos.
- Recoñecer o valor das convencións socioculturais, lingüísticas e non lingüísticas propias da lingua estranxeira para a comprensión das mensaxes e utilízalas para que a comunicación sexa máis eficaz.
- Utilizar estratexias que axuden a mellorar a comunicación e a controlar a propia aprendizaxe, aplicando a aprendizaxe da segunda lingua estranxeira ás estratexias adquiridas nas outras linguas do currículo.

17.- 2º BACHARELATO. CONTIDOS POR BLOQUES

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS.

1.- Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais).
- Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.).
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.).
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

2.- Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa, e conciencia da importancia de chegar a comprender textos orais sen precisar entender todos os seus elementos.

3.- Constancia no logro da comprensión oral, volvendo a escoitar o texto gravado ou solicitando repetición do dito.

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS.

1.- Estratexias de produción:

a) Planificación:

- Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.
- Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.

b) Execución:

- Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica.
- Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.
- Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.
- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
- Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.

a) Lingüísticos:

- Modificación de palabras de significado parecido.
- Definición ou reformulación dun termo ou expresión.
- Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta.
- Petición de axuda.

b) Paralingüísticos:

- Sinalación de obxectos, usando deícticos ou realizando accións que aclaran o significado.
- Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas e contacto visual ou corporal).
- Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.

2.- Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.

3.- Rutinas ou modelos comúns de interacción segundo o tipo de situación de comunicación.

BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.

. Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.
- Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).
- Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).
- Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.

– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.

– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

2.- Recoñecemento da estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data, asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura).

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.

1.- Estratexias de produción:

a) Planificación:

– Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).

– Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).

– Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.

b) Execución:

– Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.

– Estruturación do contido do texto.

– Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.

– Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.

– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.

– Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.).

c) Revisión:

– Identificación de problemas, erros e repeticións.

– Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.

– Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.)

– Reescritura definitiva.

2.- Elaboración de cartas formais respectando a súa estrutura: remitente, cabeceira, lugar e data, asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura.

3.- Elaboración de informes expositivos elementais e breves, organizados nunha estrutura básica que inclúa unha introdución, o corpo do informe, a conclusión e a bibliografía; e prestando atención ás estruturas sintáctico-discursivas que adoitan predominar neste tipo de texto (subordinacións relativas, finais, causais, etc.).

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE.

1.- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:

- Sons e fonemas vocálicos.
- Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.
- Procesos fonolóxicos máis básicos.
- Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.

2.- Patróns gráficos e convencións ortográficas:

- Uso das normas básicas de ortografía da palabra.
- Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.

3.- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

- Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.
- Achegamento aos hábitos e ás actividades de estudo, traballo e lecer, condicións de vida e relacións interpersoais (nos ámbitos educativo, ocupacional e institucional); o contorno xeográfico básico (clima, rexións) e referentes artístico-culturais (feitos históricos e personaxes relevantes).
- Recoñecemento de valores, crenzas, actitudes e tradicións fundamentais, e calquera outro aspecto cultural de interese, así como os aspectos culturais básicos que permitan comprender os países onde se fala a lingua estranxeira e actuar neles adecuadamente.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

4.- Plurilingüismo:

- Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
- Recurso aos coñecementos e ás experiencias lingüísticas noutras linguas que coñece (patróns discursivos para a organización e ampliación ou restruturação da información; elementos adecuados de coherencia e de cohesión textual para organizar o discurso, facer progresar o tema, etc.).

5.- Funcións comunicativas:

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.
- Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.

- Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.
- Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.
- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.
- Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.

6.- Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a aspectos culturais variados:

– Vida cotiá: alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, tabús, convencións sociais, horarios, etc.); familia e amizades; actividades de lecer; viaxes e transportes; festas e celebracións; saúde; educación; compras e actividades comerciais; bens e servizos básicos; contorno (clima, campo, cidade e lugares máis representativos); tecnoloxía (aparells de uso cotián), e e calquera outro que se considere de interese.

18.- 2º BACHARELATO. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS.

1.- Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.

2.- Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.

3.- Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible (datos persoais, formación, gustos, intereses e expectativas ou plans de futuro), sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.

4.- Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes e centros docentes), ou menos habituais pero referidas a necesidades inmediatas en situacións de comunicación comúns se pode pedir confirmación dalgúns detalles.

5.- Comprende, nunha conversa informal e sinxela na que participa, explicacións ou xustificacións básicas de puntos de vista e opinións, sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, articulados de maneira clara, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas como a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade, se a persoa interlocutora está disposta repetir ou reformular o dito.

6.- Identifica, con apoio visual, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional, e os aspectos máis significativos de noticias de televisión claramente articuladas, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturadas e articuladas con claridade, nunha variedade estándar da lingua e cando as imaxes faciliten a comprensión.

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS.

1.- Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a maioría das veces a lingua estranxeira, producindo mensaxes adecuadas ás situacións de comunicación reais ou simuladas, e colaborando para entender e facerse entender.

2.- Fai presentacións breves, con certa fluidez, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.

3.- Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.

4.- Desenvólvese adecuadamente e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas e xestos apropiados para facerse entender, en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.

5.- Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans.

BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.

1.- Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; reconece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, adecuados ao seu nivel escolar, sempre que poida reler as seccións difíciles.

2.- Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (organización de grupos de traballo, información sobre actividades de formación específicas, etc.).

3.- Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural).

4.- Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as súas relacións, e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.

5.- Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos; nas que se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

6.- Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estadía de estudos no estranxeiro).

7.- Entende información específica importante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.

1.- Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra, de xeito lineal e coherente, feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.

2.- Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.), cunha finalidade específica, como solicitar unha bolsa.

3.- Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén nas redes sociais.

4.- Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto.

5.- Escribe, nun formato convencional, informes expositivos breves e sinxelos, atendendo á súa estrutura básica e particularidades sintáctico-discursivas elementais, nos que dá información esencial sobre un tema educativo, ocupacional ou menos habitual, describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE.

1.- Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

2.- Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito, e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir, adecuando a súa produción ás convencións sociolingüísticas da lingua meta.

3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.

4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

19.- 2º BACHARELATO. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS.

- 1.- Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.
- 2.- Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.
- 3.- Comprender o esencial e a información relevante en situacións comúns, aínda que poidan necesitar unha xestión ou transacción menos habitual (explicacións a unha reclamación, cancelación dun servizo, etc.) que impliquen a solicitude de datos, realización de accións, formas de pagamento, etc.), sempre que lle poidan repetir o dito.
- 4.- Comprender o esencial en conversas sinxelas, sobre argumentacións básicas, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes do ámbito persoal ou público, suposicións e hipóteses, sensacións e sentimentos básicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.
- 5.- Comprender o sentido xeral e información esencial en presentacións ben estruturadas sobre temas coñecidos e predicibles, e de programas de televisión tales como informativos, entrevistas ou anuncios e películas, sempre que as imaxes sexan suficientemente redundantes para facilitar a comprensión.

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS.

- 1.- Aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais breves ou de lonxitude media, aínda que poidan producirse pausas, vacilacións ocasionais ou reformulacións do que se quere expresar en situacións menos habituais ou en intervencións máis longas.
- 2.- Interactuar, en situacións reais ou simuladas, con eficacia suficiente para narrar e describir experiencias, acontecementos, sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e plans ou proxectos; e intercambiar información pouco complexa, pedir e dar indicacións ou instrucións sinxelas con certo detalle, xustificar brevemente opinións e puntos de vista; formular hipóteses e facer suxestións, e expresarse sobre temas algo abstractos, como películas, música, libros, etc.
- 3.- Intercambiar de xeito sinxelo pero eficaz, con pronuncia clara e intelixible, información en situacións de comunicación do alumnado e menos habituais, pero predicibles, nas que teña que expresar o acordo, o desacordo, o interese, a posibilidade e a imposibilidade, usando un repertorio de expresións frecuentes no ámbito público (doenzas, pequenas reclamacións, menús alternativos, accidentes, etc.), así como a expresión básica dos sentimentos e os intereses persoais, tales como satisfacción, desgusto, admiración e sorpresa.
- 4.- Producir textos de extensión breve ou media, tanto cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, cundiscurso comprensible e adecuado á situación e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunicación.
- 5.- Participar en situacións de comunicación formais que impliquen intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou indicacións habituais para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda da persoa interlocutora, e sendo quen de intercambiar información e opinións, dar instrucións, xustificar brevemente os motivos de accións e plans, e argumentar de xeito sinxelo pero eficaz.

BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.

- 1.- Utilizar estratexias (recurso ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e das expresións non coñecidas.
- 2.- Seguir instrucións e consignas básicas de carácter público, institucional ou corporativo.
- 3.- Comprender información relevante en textos do seu interese, descritivos ou narrativos, de certa lonxitude e ben estruturados, nos que se informa de acontecementos, se describen accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións, crenzas ou valores con expresións sinxelas.
- 4.- Comprender en textos formais un repertorio básico de expresións fixas para rexeitar (agradecendo ou xustificando), acceder (con reservas ou condicións); expresar posibilidade, imposibilidade ou obriga de facer algo; conceder e denegar (con ou sen obxeccións); aconsellar, recomendar ou animar a facer algo.
- 5.- Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns ou menos habituais, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, tanto de carácter xeral como máis específico.

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.

- 1.- Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), incorporando esquemas e expresións de textos modelo con funcións comunicativas similares ao texto que se quere producir.
- 2.- Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.
- 3.- Escribir mensaxes breves, en calquera soporte, con información, instrucións e indicacións básicas e opinións sinxelas, destacando os aspectos que resulten importantes ou do seu interese para o tema que se trate.
- 4.- Producir correspondencia formal básica para solicitar ou dar información relativa a bens e servizos, a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso, cunha presentación do texto limpa e ordenada.
- 5.- Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, tanto de carácter xeral como máis específico dentro da propia área de especialización ou de interese.

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE.

- 1.- Expresarse de xeito claro e comprensible e coa suficiente fluidez para facerse entender, aínda que poidan producirse pausas e mesmo se as persoas interlocutoras poden necesitar repeticións cando se trata de palabras e estruturas pouco frecuentes, en cuxa articulación poden cometerse erros que non interrompan a comunicación.
- 2.- Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato máis frecuentes con razoable corrección de modo que se comprenda a mensaxe, aínda que pode darse algunha influencia da primeira ou

doutras linguas; e saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet.

3.- Utilizar, para a comprensión e a produción de textos orais e escritos, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorno socioeconómico, relacións interpersoais (xeracionais ou nos ámbitos educativo, ocupacional e institucional), e convencións sociais (actitudes e valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender e expresar adecuadamente información e ideas presentes nos textos.

4.- Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.

5.- Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

6.- Distinguir e levar a cabo as funcións requiridas polo propósito comunicativo e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos habituais para iniciar e concluír o texto adecuadamente, organizar a información de xeito claro, ampliála con exemplos ou resumíla.

7.- Coñecer e utilizar léxico escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, e un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente.

20.- 2º BACHARELATO. TEMPORALIDADE E DESENVOLVEMENTO DOS CONTIDOS

PRIMEIRO TRIMESTRE. Unidades 0, 1, 2 + *Bilan* (da páxina 42 á 46).

Obxectivos comunicativos.

Unidade 0. Tomar contacto en francés con outras persoas. Entender, pedir e dar informacións. Falar de si mesmo. Expresar a súa opinión.

Unidade 1. Pedir e dar información en diferentes tipos de comercio. Falar dos seus gustos e dos seus hábitos alimentarios. Pedir nun restaurante. Argumentar sobre o tema da restauración. Expresar a satisfacción e a insatisfacción nun restaurante. Dar consellos para ter unha boa alimentación.

Unidade 2. Comprar nun comercio de roupa. Preguntar as características dun produto e o seu prezo. Falar da moda e dos hábitos de consumo. Expresar os seus gustos no que respecta á moda. Falar da súa paga e do seu orzamento. Expresar o seu entusiasmo. Expresar o acordo e o desacordo.

Bilan (páxinas da 42 á 46)

Aspectos gramaticais.

Unidade 0. Revisión do xénero dos adxectivos. Revisión das preposicións cos nomes de lugar. Revisión das oracións interrogativas. Revisión do presente do indicativo.

Unidade 1. Revisión dos artigos partitivos. Revisión dos pronomes relativos *qui / que*. Revisión dos pronomes adverbiais *y* (complemento de lugar ou complemento indirecto) e *en* (complemento directo). Revisión da expresión da finalidade (*pour / afin de + infinitif*). Os adverbios (tempo, cantidade, lugar, modo). Revisión do imperativo.

Unidade 2. O presente do subxuntivo. Revisión dos pronomes de complemento directo de 3ª persoa (*le, la, l', les*) e dos pronomes de complemento indirecto de 3ª persoa (*lui, leur*). A expresión da concesión (*bien que +*

subjonctif, même si + indicatif, par contre, cependant, mais, malgré). A expresión da finalidade (revisión de *pour / afin de + infinitif; pour que / afin que + subjonctif*. Revisión do xénero e número dos adxectivos de cor. A restrición. Revisión do futuro simple.

Bilan (páxinas da 42 á 46)

Léxico.

Unidade 0. Os países, as nacionalidades, Europa.

Unidade 1. Os comercios. Os alimentos. O restaurante. A restauración rápida. A satisfacción e a insatisfacción.

Unidade 2. A roupa e os complementos. As cores, os materiais e os estampados. As compras e o consumo. Os medios de pagamento.

Bilan (páxinas da 42 á 46)

Aspectos socioculturais.

Unidade 0. A volta á clase en Francia.

Unidade 1. Os franceses e a cociña.

Unidade 2. Comprar por Internet.

SEGUNDO TRIMESTRE. Unidades 3, 4 + Bilan (da páxina 76 á 80) e 5.

Obxectivos comunicativos.

Unidade 3. Falar dunha relación de amizade. Contar como se coñeceu alguén. Describir unha persoa: físico e carácter. Falar dos cambios na vida duna persoa. Falar de si mesmo: virtudes e defectos. Facer un relato en pasado. Expresar a súa opinión. Facer comparacións.

Unidade 4. Escoller unha viaxe. Expresar as súas preferencias. Comprender e dar informacións turísticas. Facer unha reserva por teléfono e confirmala por escrito. Contar unha viaxe. Escribir unha carta de reclamación. Expresar a decepción e o descontentamento.

Bilan (páxinas da 76 á 80).

Unidade 5. Falar dos medios de comunicación: prensa escrita, radio, televisión, Internet. Comprender os titulares dos xornais. Comprender informacións curtas na radio. Escoller un programa de televisión. Comprender opinións sobre unha serie de televisión e os seus actores. Dar a súa opinión sobre un programa de televisión.

Aspectos gramaticais.

Unidade 3. Revisión do *passé composé* e do imperfecto. Revisión da alternancia *passé composé / imparfait*. O xerundio (simultaneidade e causa). Revisión das oracións comparativas. A comparación proporcional: *plus...plus, moins...moins*, etc. Revisión dos presentativos: *c'est, il est, voici, voilà*.

Unidade 4. Revisión da expresión do tempo: situación no tempo, posterioridade, anterioridade, duración. Revisión dos adxectivos de nacionalidade: xénero e número. Os superlativos absoluto e relativo. Revisión dos pronomes relativos *où* e *dont*. O pretérito pluscuamperfecto.

Bilan (páxinas da 76 á 80).

Unidade 5. Revisión dos adxectivos e pronomes demostrativos. A voz pasiva. A nominalización. Os adxectivos indefinidos. O condicional de cortesía. A construción impersoal.

Léxico.

Unidade 3. A caracterización física e psicolóxica. Os sentimentos. As etapas da vida. As situacións persoais e profesionais.

Unidade 4. O turismo. As viaxes. Os medios de transporte. Os climas. As formalidades.

Bilan (páxinas da 76 á 80).

Unidade 5. Os medios de comunicación: a prensa escrita, a radio, a televisión e Internet.

Aspectos socioculturais.

Unidade 3. A amizade.

Unidade 4. Biografía dun viaxeiro.

Unidade 5. Os deseñadores gráficos.

TERCEIRO TRIMESTRE. Unidades 6 + *Bilan* (da páxina 110 á 114), 7 e 8 + *Bilan* (da páxina 144 á 148).

Obxectivos comunicativos.

Unidade 6. Falar de cine: dicir as súas apreciacións sobre unha película. Falar dun festival de teatro. Falar de pintura: describir unha obra de arte. Falar de literatura: falar dos libros e da lectura. Expresar os seus gustos e a súa opinión. Expresar a alegría, a decepción e a sorpresa. Agradecer.

Bilan (da páxina 110 á 114)

Unidade 7. Comprender un texto científico. Interpretar un gráfico. Falar de ecoloxía e do impacto do home sobre o medio ambiente. Falar da enerxía nuclear e das enerxías renovables. Falar das vantaxes e dos inconvenientes dos transportes públicos. Facer hipóteses. Expresar o pesame e o reproche. Defender o seu punto de vista.

Unidade 8. Falar dos estudos e das diferentes facultades universitarias. Falar de cursos lingüísticos no estranxeiro. Falar do aloxamento para estudantes. Escoller un aloxamento. Redactar unha carta de motivación. Informarse sobre unha universidade. Coñecer as xestións administrativas para matricularse nunha universidade. Organizar as ideas.

Bilan (da páxina 144 á 148)

Aspectos gramaticais.

Unidade 6. O estilo indirecto en pasado. O estilo indirecto en futuro. Os adxectivos e os pronomes indefinidos. O condicional simple: cortesía, desexo, consello.

Bilan (da páxina 110 á 114)

Unidade 7. A expresión da hipótese: *si + imparfait + conditionnel présent; si + plus-que-parfait + conditionnel présent / passé*. A expresión da causa: *parce que, puisque, comme, étant donné que, sous prétexte que, car, à cause de, grâce à*. A expresión da consecuencia: *si bien que, de sorte que, donc, alors, c'est pourquòi, par conséquent, ainsi*. A expresión da obriga.

Unidade 8. A expresión da certeza, da dúbida, do temor. A expresión do desexo. A expresión da vontade. A expresión da condición. O futuro anterior.

Bilan (da páxina 144 á 148)

Léxico.

Unidade 6. As artes e a cultura: cine, teatro, pintura, literatura.

Bilan (da páxina 110 á 114)

Unidade 7. A ecoloxía. A acción do home sobre o medio ambiente. A enerxía nuclear e as enerxías renovables.

Unidade 8. Os estudos tralo bacharelato en Francia: facultades, xestións... O aloxamento para estudantes.

Bilan (da páxina 144 á 148)

Aspectos socioculturais.

Unidade 6. París, cidade de cine.

Unidade 7. Os transportes ecolóxicos.

Unidade 8. As profesións do futuro.

21.- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

Deberá haber unha avaliación inicial, así como unha sumativa e outra continua ou formativa.

- A avaliación ha de ser continua e formativa: observación e seguimento sistemático do alumno (produccións individuais ou en grupo: traballos escritos, exposicións orais e debates, etc.) Un idioma, unha lingua estranxeira non pode formularse como unha serie de compartimentos estancos e independentes uns dos outros, sen relación entre eles. Os novos coñecementos por parte dos alumnos irán engadíndose e ensamblándose aos xa adquiridos anteriormente.

- Avaliación sumativa: as probas escritas trimestrais e a extraordinaria, se non se superase a ordinaria de xuño.

En calquera caso, os procedementos de avaliación serán variados de forma que poidan adaptarse á flexibilidade da propia avaliación.

Como criterios de avaliación (organizados en 5 grandes bloques coincidentes cos contidos de cada nivel e cos estándares de aprendizaxe sinalados máis arriba) cremos que non debemos limitarnos a unha única proba escrita ao final de cada trimestre, senón realizar probas na clase, traballos individuais e en grupo, e sempre, por suposto, exercicios orais que consisten en preguntas por parte do profesor, referidas ao visto anteriormente, como repaso do recentemente aprendido, para afianzar os coñecementos de vocabulario adquiridos, ou pequenos diálogos dirixidos tamén polo profesor, tendo sempre en conta o nivel co que se está a traballar.

De todas formas, hai que ter en conta que nas clases numerosas e con só dúas horas de francés por semana, na práctica non hai tempo material e por tanto é necesaria tamén a proba escrita. (Temos que falar aquí do diferente nivel de coñecementos dos distintos alumnos, segundo a súa procedencia ou as súas capacidades, e da atención que o profesor debe prestarlles a todos: “Atención á diversidade”).

As probas escritas consisten normalmente e segundo os niveis (non é igual na ESO que no Bacharelato) nun test de preguntas con ocios para completar, ou frases para responder negativamente, ou poñer en plural, etc. En definitiva, para que os alumnos demostren os coñecementos adquiridos de acordo cos contidos estudados (**competencia lingüística**). A proba escrita adoita comprender tamén algún exercicio de creación persoal: invención dun diálogo sobre situacións vistas na clase, redacción dunha carta (segundo o nivel pode ser unha carta persoal ou oficial, unha solicitude...) ou completar un diálogo no que falten frases (**expresión escrita**). Hai igualmente unha proba de comprensión oral (*écoute*) e exposicións orais ou representación de diálogos (**expresión oral**) e una proba consistente nun texto con preguntas sobre o mesmo (**comprensión escrita**).

Tamén utilizaremos os materiais que nos brindan as TIC. Internet ofrécenos exercicios de audición, cancións, exercicios gramaticais con ocos e clasificados por niveis...

Para ser cualificado positivamente, o alumno non só deberá superar as probas realizadas en cada avaliación cun mínimo de 5. Será tido en conta, asemade, o traballo na aula: participación no oral, esforzo por pronunciar correctamente, comunicarse en francés sempre que sexa posible, realización das tarefas na clase (diálogos, traballos en parella ou en grupo...) así como os deberes encomendados para casa (caderno de exercicios, procura dalgunha información, realización de carteis ou “collages” relativos ao aprendido na clase para os primeiros niveis de ESO). Nos cursos da ESO, sobre todo no primeiro nivel, contará como criterio de cualificación a presentación, limpeza e orde no Caderno de Exercicios, ademais, por suposto, da corrección nos resultados. A todo o anterior hai que engadir a actitude do alumno, tanto fronte á materia como no que se refire ao comportamento en xeral, nas relacións cos compañeiros e cos profesores. Será valorado negativamente todo aquel comportamento que altere o normal desenvolvemento das clases ou que perturbe a convivencia, impedindo o aproveitamento do tempo lectivo.

22.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

- Consecución dos obxectivos fixados dos contidos mínimos, avaliados mediante as probas escritas e orais de cada trimestre.
- Realización das tarefas e traballos encomendados para facer na casa. (Valorarase a puntualidade na presentación do traballo e a corrección do mesmo).
- Realización dos traballos de clase, individuais ou en grupo (diálogos, frases, ditados,...)
- Actitude positiva e participación oral activa na clase.
- Esforzarse en pronunciar correctamente.
- Esforzarse en utilizar o francés como lingua de comunicación na clase.

Como a avaliación é continua, en cada exame entrarán sempre todos os contidos anteriores, pois como queda dito máis arriba, unha lingua non se pode tratar como compartimentos estancos e independentes uns dos outros. Por tanto, non se farán exames de recuperación, xa que o exame seguinte servirá para recuperar a materia anterior.

No caso de que un alumno falte sistematicamente aos exames, faráselle unha proba global de todo o curso no mes de xuño.

A nota final de curso non será necesariamente a resultante da media aritmética de todos os trimestres, senón que reflectirá a evolución do alumno ao longo do ano escolar.

Se a nota non é dun só dígito, só se redondeará para arriba:

- se o decimal é 5 ou superior a 5.
- se non ten máis de 3 faltas por non ten feito os deberes.
- se ten todos os traballos entregados.

Este Departamento considera importante e ten por costume amosar aos alumnos as probas escritas unha vez corrixiadas, para que poidan ver os erros cometidos, tomar nota e facer as súas reclamacións razoadas se o consideran necesario, podendo a profesora resolver as súas dúbidas de maneira máis persoal e dar as explicacións pertinentes sobre as cualificacións obtidas nos exames.

Posto que a aprendizaxe dun idioma se basea na adquisición das catro destrezas: comprensión oral, comprensión escrita, expresión oral, expresión escrita, así tamén o sistema de cualificación ten que ter en conta. Para obter a cualificación, farase una valoración ponderada dos catro bloques. As probas de cada trimestre constarán de exercicios de gramática e vocabulario, una proba de “*écoute*” (comprensión oral), una de comprensión escrita e expresión escrita segundo os niveis. A expresión oral non se limitará a una única proba, senón que se irán avaliando os diferentes diálogos, exposicións, lecturas, etc. que realicen os alumnos na clase ao longo do trimestre.

23.- PROBAS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DOS ALUMNOS COA MATERIA PENDENTE:

Segundo a lexislación vixente, publicada no DOG do día 22 de outubro de 2004, cada departamento establecerá os criterios que considere oportunos para que os alumnos nesta situación recuperen, ou teñan a oportunidade de recuperar ao longo do curso, a materia suspensa.

O Departamento de Francés adoptou as seguintes decisións:

- Os alumnos de ESO entregarán periodicamente traballos (fichas, exercicios, etc.) facilitados previamente polo Departamento, que deberán ser entregados no día e hora marcados. Se entregan todos os traballos encomendados e estes son aprobados pola profesora, poden aprobar a materia sen necesidade de presentarse ao exame extraordinario do mes de maio. Se non fan unha desas entregas periódicas, deberán presentarse directamente a ese exame.
- Os alumnos de 2º de Bacharelato co Francés pendente de 1º poderán realizar tres exames nas datas fixadas polo Departamento, tendo en conta que estes alumnos rematan as clases en maio. O Departamento pode suplir os exames coa entrega periódica de fichas de traballo por parte do alumno.
- En canto aos contidos das probas, serán os mínimos correspondentes á materia vista no curso anterior.
- Os criterios de avaliación serán así mesmo os recollidos na Programación Didáctica do Departamento.

24.- AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DA PRÁCTICA DOCENTE

Dado que dous profesores imparten clase nos mesmos niveis de 1º e 2º da ESO, consideramos moi importante a unanimidade no desenvolvemento da programación, aínda que sempre teremos en conta as características específicas de cada clase. Por este motivo, periodicamente, faremos un seguimento das unidades e os contidos vistos en cada curso. Así mesmo, elaboramos conxuntamente probas de avaliación, comentamos resultados e tamén a adecuación ou non dos exames ao nivel ou ás características dos alumnos. Unha vez vistos os resultados e se é necesario, adaptamos os exames. Cada trimestre, unha vez realizadas as avaliacións, reunímonos para comentar e valorar os resultados finais da avaliación tendo en conta a nosa programación didáctica así como os resultados obtidos polos nosos alumnos nas diferentes competencias.

A programación é aberta e poderá ser revisada e modificada segundo o criterio do Departamento ou as necesidades dos cursos e mesmo o tempo do que dispomos.

25.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS:

Este Departamento dispón do seguinte material didáctico :

- **MATERIAL AUDIOVISUAL:** Dous radio-cassettes CD. Un reprodutor de vídeo. Un reprodutor de DVD. Unha televisión. Un ordenador con conexión a Internet. Un proxector. Material audiovisual dos métodos empregados e dos métodos de outros anos que sempre se poden aproveitar (CD, cintas de vídeo sobre as

situacións presentadas na unidade...). Películas en versión orixinal con subtítulos en francés (tanto en vídeo como en DVD), material audiovisual actualizado gravado das canles francesas de televisión: telexornais, concursos, series ... ; CD de cancións francesas, etc.

- **DICIONARIOS** : Dous dicionarios monolingües francés (Le Petit Robert e Le Petit Larousse). Dicionarios Francés-Español / Español - Francés; Dicionario de argot; Dicionario de sinónimos e antónimos...

- **LIBROS DE CONSULTA:** Gramáticas (Le Bon Usage de Grévisse), libros de conxugacións; libros de cultura e civilización francesas; guías de Francia, etc. Un libro de léxico das novas tecnoloxías sobre o vocabulario da informática en francés.

- **LIBROS DE PRÁCTICAS DE EJERCICIOS:** De gramática, de vocabulario, de conxugacións, de fonética... (en varios niveis: Principiante, Medio e Avanzado). Todos eles, cos anteriores, constitúen un valiosísimo material didáctico complementario.

- **LIBROS DE XOGOS:** palabras cruzadas, adiviñanzas, xogos cos números...

- **LIBROS DE LECTURA:** Obras literarias francesas (a maioría adaptadas, pero tamén algunhas en versión íntegra) de diversos niveis, que os alumnos deben ler (a razón dunha por trimestre) a partir de 4º da ESO. Tamén hai que incluír bandas deseñadas en francés (Astérix, Tintin. Spirou...)

- **LIBROS DE “SKETCHS” DE TEATRO:** Con pezas curtas que poden ser representadas polos alumnos.

- **MAPAS DE FRANCIA:** Físico e político.

- **REVISTAS E XORNAIS FRANCESES.** Tamén, artigos dos diarios baixados de Internet: de *Le Monde*, *Libération*, sobre todo para os alumnos de 2º de Bach.

26.- PLAN LECTOR.

ESO:

Nos niveis de ESO, é difícil establecer un plan lector, dado o reducido número de horas das que dispomos (dúas por semana), a amplitude dos programas e o excesivo número de alumnos por aula. Así e todo, intentarase reservar un tempo de lectura na aula, con obras adaptadas especialmente pensadas para estes niveis e mesmo a lectura en voz alta dos textos que figuran no libro do alumno. O método empregado, *EN SPIRALE*, adxunta en cada unidade unha banda deseñada (*B.D.*) de contido adaptado a cada nivel, o que contribúe a espertar o interese e motivación dos alumnos.

Desde o curso 18-19 e só para 1º e 2º da ESO, establécese unha hora de lectura semanal. Se coincidise algunha desas horas coa clase de Francés, poderíase aproveitar para facer lecturas sinxelas en francés con libros adaptados a estes niveis.

A LECTURA NO BACHARELATO:

No Bacharelato leranse artigos de xornais, de revistas ou calquera outro texto apropiado ao nivel e aos contidos. Os manuais conteñen textos para practicar a lectura na aula, para despois poder traballar con eses textos desde diferentes puntos de vista. A lectura de obras literarias será voluntaria.

27.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES :

Nunha lingua estranxeira as actividades complementarias que se poden levar a cabo son numerosas. De feito, nunca nos limitamos a seguir unicamente o libro de texto ao pé da letra. Hai que ter en conta que nos primeiros cursos da ESO só hai dúas horas de clase semanais, o que obriga a cingirse máis estritamente ao manual para

poder cumprir os obxectivos fixados na programación, aparte de que os recursos léxicos e expresivos dos alumnos son, como é normal, moi limitados. Aínda así, pódense complementar as clases coa confección de proxectos que axuden a asimilar e reter o vocabulario e as expresións gramaticais aprendidos na unidade. Por exemplo, en 1º da ESO, despois de ver a descrición física e o vocabulario correspondente, os alumnos fan un proxecto en forma de cartel con debuxos, recortes de revistas, unha foto de carné, en forma de "collage" para facer a súa presentación e usando para isto o vocabulario visto.

En 2º, vense as partes da casa. O proxecto pode ser debuxar o plano da súa casa e poñer todos os nomes dos cuartos. E o mesmo en 3º e 4º da ESO, subindo o nivel nos cursos superiores.

Outras actividades que se poden realizar como complemento ao texto son xogos de vocabulario (pensar nun personaxe célebre e adiviñar mediante preguntas, co que se repasan as interrogacións e o léxico) e xogos cos números.

Actividades de audición de cancións (sinxelas nos primeiros cursos, máis complicadas nos superiores, con ocos para completar palabras...).

Ver películas en versión orixinal subtitulada (debuxos animados para os pequenos ou fragmentos de películas). Despois desta actividade daráselles un cuestionario para completar.

Relación a través do correo (ordinario ou electrónico) con mozos de Francia.

28.- CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO.

A contribución do Departamento de Francés ao Proxecto Lingüístico de Centro concíbese como unha actuación coordinada coas demais linguas: galego, castelán e inglés. É importante que se desenvolvan estratexias metodolóxicas en común no ensino das catro linguas: metodoloxía activa e participativa, enfoque comunicativo, traballo cooperativo por áreas integradas ou proxectos de carácter interdisciplinar.

Como queda recollido nesta Programación Didáctica, o obxectivo principal da aprendizaxe da lingua francesa (e das outras) é a consecución da comprensión e a expresión orais e escritas mediante o tratamento das 5 destrezas do MCERL (Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas): ler, escoitar, escribir, falar e conversar.

A avaliación destas destrezas podería realizarse cunhas plantillas comúns ás diferentes linguas. De acordo con isto, o alumnado:

- 1) Lerá textos adaptados ao seu nivel. Sobre estes textos, faranse preguntas de comprensión relacionadas coa estrutura e trazos típicos do texto, de léxico, de ortografía, sintaxe e outros contidos específicos.
- 2) Realizará audicións de textos orais sobre temáticas variadas, sempre adaptadas aos seus coñecementos e nivel e responderá a cuestións específicas relacionadas co contido das devanditas audicións. Tamén se utilizarán as cancións como recursos esenciais.
- 3) Practicará a escritura creativa de textos de diversa índole (cartas formais e informais, correos electrónicos, biografías, receitas de cociña, descricións, diálogos, tarxetas de felicitación, avisos, noticias, etc.
- 4) Participará en debates centrados en temas de interese e de actualidade (sempre en relación cos temas tratados en cada nivel).
- 5) Realizará exposicións orais individuais ou en grupo relativas a temas variados (películas, cantantes, grupos, escritores ou libros favoritos).
- 6) Fará resúmenes e esquemas
- 7) Utilizará dicionarios impresos ou dixitais.

8) Usará as TIC como fontes de acceso á información e ao coñecemento.

Vigo, outubro 2022.

A xefa do Departamento de Francés

Sara Mencía Castro